

ESTATUTOS

(Adaptación Estatutos da Federación á Lei 3/2012 do Deporte)



ANO 2013

INDICE

	Nº Páxina
TÍTULO I.- OBXECTO E PRINCIPIOS XERAIS.....	4
CAPÍTULO I.- Denominación, Domicilio Social, Finalidade e Funcións.....	4
CAPÍTULO II.- Requisitos de adquisición ou perda da condición de federado e responsabilidades.....	6
Sección Primeira.- CLUBS.....	6
Sección Segunda.- DEPORTISTAS.....	7
Sección Terceira.- TÉCNICOS - ADESTRADORES.....	8
Sección Cuarta.- ÁRBITROS.....	8
Sección Quinta.- OUTROS COLECTIVOS.....	9
Sección Sexta.- LICENZAS.....	9
Sección Septima.- PERDA DA CONDICIÓ DE FEDERADO.....	9
CAPÍTULO III.- Ámbito Xurisdiccional.....	10
CAPÍTULO IV.- Estructura Territorial.....	10
TÍTULO II.- ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN.....	10
Capítulo Primeiro: NORMAS XERAIS.....	10
Capítulo Segundo: A ASEMBLEA XERAL.....	11
Sección Primeira.- NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE.....	11
Sección Segunda: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO.....	11
Capítulo Terceiro: PRESIDENTE E MOCIÓN DE CENSURA.....	12
Capítulo Cuarto: COMISIÓN DELEGADA.....	13
TÍTULO III.- ORGANOS COMPLEMENTARIOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.....	14
TÍTULO IV.- ORGANOS COLEGIADOS DE COMITÉS E ASESORES.....	15
Capítulo Primeiro: COMITÉS EN XERAL.....	15
Capítulo Segundo: COMITES DE COMPETICION E DISCIPLINA DEPORTIVA.....	15
Continúa.....	

INDICE

	Continuación
	Nº Páxina
Capítulo Terceiro: COMITÉ DE APELACIÓN.....	15
Capítulo Cuarto: COMITÉ DE ÁRBITROS.....	16
Capítulo Quinto: COMITÉ DE RELACIONES EXTERIORES.....	16
Capítulo Sexto: COMITÉ DE ACTIVIDADES.....	16
Capítulo Séptimo COMITÉ TÉCNICO.....	16
Capítulo Octavo: COMITÉ DE PROMOCIÓN.....	16
Capítulo Noveno: ADOPCIÓN ACORDOS E IMPUGNACIÓN AOS COMITÉS E PUBLICIDADE	16
TITULO V.- RÉXIME ELECTORAL.....	16
Capítulo Primeiro: OS CENSOS.....	16
Capítulo Segundo: REGULAMENTO ELECTORAL.....	16
Capítulo Terceiro: A COMISION XESTORA.....	17
Capítulo Cuarto: CIRCUNSCRIPCIÓNS ELECTORAIS.....	17
Capítulo Quinto: XUNTA ELECTORAL.....	17
Capítulo Sexto: MESAS ELECTORAIS.....	17
Capítulo Séptimo: RECURSOS.....	17
Capítulo Octavo: ELECCIÓN Á ASEMBLEA XERAL.....	17
Capítulo Noveno: ELECCIÓN DE PRESIDENTE.....	18
Capítulo Décimo: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA.....	18
TITULO VI.- REXIME DISCIPLINARIO.....	19
TITULO VII.- PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS.....	21
TÍTULO VIII.- REXIME ECONOMICO.....	23
TITULO IX.- RÉXIME DE RESPONSABILIDADES.....	24
TÍTULO X.- RÉXIME DOCUMENTAL.....	25
TÍTULO XI.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA FEDERACION GALEGA DE PELOTA.....	25
DISPOSICIÓN DEROGATORIA E FINAL.....	26

FEDERACIÓN GALEGA DE PELOTA.

ESTATUTOS

TITULO I

OBJECTO E PRINCIPIOS XERAIS

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, DOMICILIO SOCIAL, FINALIDADE E FUNCÍONS

Artigo 1º A denominación da Federación e "FEDERACION GALEGA DE PELOTA" tamén se denomina abreviadamente FGP.

Artigo 2º A Federación Galega de Pelota é unha entidade privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, no desenvolvemento das competencias que lles son propias.

Está integrada por Clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces, árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e, en xeral, contribuir ao desenvolvemento dunha mesma modalidade ou especialidade deportiva.

A Federación ten a consideración de entidade de utilidade pública. Esta declaración comportará os efectos establecidos na Lei orgánica 1/2002, do 22 de Marzo, reguladora do dereito de asociación.

Artigo 3º A Federación Galega de Pelota ten o seu domicilio en A CORUÑA, Praza de Agustín Díaz, 1 CP 15008

Artigo 4º A Federación Galega de Pelota ten plena personalidade xurídica propia, e plena capacidade de obrar para o logro da consecución dos seus fins, sen ánimo de lucro e de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia, e da Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.

A Federación Galega de Pelota poderá asociarse a outras federacións deportivas galegas para o mellor cumprimento dos seus fins deportivos ou para o establecemento de estruturas de asistencia técnica ou administrativa común.

Artigo 5º O deporte de Pelota, divídese en:

Modalidade Deportiva: PELOTA

Especialidade: (INSTALACIÓN), existen catro (4) tipos de instalacións

Proba: (Ao que SE XOGA), existen dezasete (17) tipos de probas

Programa: (MASCULINO E FEMININO)

Especialidade: FRONTÓN 30 METROS

Probas:

1 Frontenis Preolímpico Masculino

2 Frontenis Olímpico Masculino

3 Frontenis Olímpico Feminino

4 Paleta Goma Individual Masculino

5 Paleta Goma Parellas Feminino

Especialidade: FRONTÓN CURTO (36 METROS)

Probas:

1 Man Individual Masculino

2 Man Parellas Masculino
3 Paleta Masculino
4 Pala Curta Masculino

Especialidade: FRONTÓN LONGO (54 METROS)

Probas:

1 Cesta Punta Masculino
2 Pala Masculino
3 Remonte Masculino

Especialidade: TRINQUETE

Probas:

1 Man Individual Masculino
2 Man Parellas Masculino
3 Paleta Coiro Masculino
4 Paleta Goma Masculino
5 Paleta Goma Feminino
6 Share Masculino

Artigo 6º A Federación Galega de Pelota para os efectos de participación dos seus membros en actividades ou competicións deportivas oficiais de ámbito estatal e internacional, integrarase na FEDERACION ESPAÑOLA DE PELOTA nos termos e nas condicións que se prevexan para o efecto.

Artigo 7º Funcións da Federación Galega de Pelota:

1.- A Federación Galega de Pelota exercerá as funcións que lles atribúan os seus estatutos, así como aquelas de carácter público que se delegan na Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

2.- A Federación Galega de Pelota, exercerá como función propia as seguintes:

- a) Convocar á selección galega e designar os deportistas que a integren.
- b) Colaborar coas administracións públicas e coa Federación Española de Pelota, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción das modalidades deportivas.
- c) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na execución dos plans e programas dos deportistas galegos de alto nivel.
- d) De ser o caso, e conforme a normativa que sexa aplicable, colaborar e/ou organizar as competicións oficiais e actividades deportivas de carácter estatal ou internacional que se realicen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Elaborar os seus propios regulamentos deportivos.
- f) Colaborar coa Administración deportiva autonómica na formación de adestradores, xuíces e árbitros segundo a normativa que sexa aplicable.

3.- Os actos adoptados pola federación no exercicio das funcións públicas de carácter administrativos son susceptibles de recurso administrativo ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

4.- Son funcións públicas delegadas, e exerceranse en réxime de exclusividade pola Federación Galega de Pelota, as seguintes:

- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas, consonte a normativa vixente.
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica deportiva nos termos establecidos na Lei 3/2012 do deporte de Galicia.
- d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.
- e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por la Lei 3/2012 do deporte de Galicia e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.
- g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras acción, a federación instruirá e resolverá os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título III da Lei 3/2012 do deporte de Galicia.

i) Calquera outra que regulamentariamente se determine.

5.- As funcións públicas delegadas serán exercidas pola Federación Galega de Pelota baixo a tutela da Administración deportiva, que, conforme se determine regulamentariamente procederá á súa asunción nos casos de extinción da federación ou cando esta se atope en situación concursal.

A Federación Galega de Pelota exercerá as funcións públicas delegadas de forma directa, sen que poidan ser obxecto de delegación ou exercicio por ningunha substitución, sen autorización da Administración deportiva.

CAPITULO II

REQUISITOS DE ADQUISICIÓN OU PERDA DA CONDICIÓ DE FEDERADO E RESPONSABILIDADES.

Sección primeira.- CLUBS

Artigo 8º Son Clubs de Pelota as asociacións con personalidade xurídica e capacidade de obrar que teñan por obxecto o fomento e a práctica da Pelota, e estén afiliados á Federación Galega de Pelota.

Para afiliarse á Federación Galega de Pelota o Club ou Entidade deberán estar inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia como requisito previo para a integración dos clubs na federación. Solicitalo por escrito acompañando copia dos seus Estatutos. Tamén deberán afiliarse á Federación Galega de Pelota as Asociacións de Clubs que poidan crearse e sempre como trámite previo para a asunción de competencias expresamente delegada pola FGP. Os acordos tomados polas Asociacións en uso de dita delegación deberán ser notificados á FGP dentro do prazo dos 10 días seguintes á data da súa adopción.

Todos os Clubs e Entidades afiliadas á Federación Galega de Pelota estarán sometidas ás Normas e disposicións emanadas de esta; contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha forma harmónica e activa, baixo os principios democráticos dos presentes Estatutos, e participarán na distintas actividades.

Artigo 9º Son dereitos dos Clubs os seguintes:

- a) Intervir na elección dos Órganos de Goberno e Representación da Federación Galega de Pelota.
- b) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos que establezan as bases de competición correspondentes.
- c) Concertar e participar en encontros amigables con outros Clubs federados ou estranxeiros, en datas compatibles para as competicións oficiais, ca previa autorización, segundo o caso, da Federación Galega de Pelota, Federación Española de Pelota e, incluso se fose necesario, do Ministerio de Asuntos Exteriores.
- d) Asistir e intervenir nas reunións dos órganos federativos que lles correspondan con amaño ás normas vixentes.
- e) Optar ás axudas económicas que estableza a Federación Galega de Pelota para os Clubs, na medida e ocasión que determinen as correspondentes normas.
- f) Asociarse para o cumprimento dos seus fins.
- g) Fusionarse cos requisitos que regulamentariamente poidan establecerse no desenvolvemento dos presentes estatutos.
- h) Tódolos demais que a Federación Galega de Pelota estableza en cada caso.

Artigo 10º Son obrigas dos Clubs, as seguintes:

- a) Participar cos seus equipos nas competicións oficiais que lles correspondan pola súa categoría, nos termos e observando os requisitos que regulamentariamente se determinen, así como os que estableza a Federación Galega de Pelota, debendo fixa-la súa cancha oficial de xogo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Cumprir-los Estatutos, Regulamentos e demais normas da Federación Galega de Pelota, así coma os seus propios Estatutos.
- c) Poñer a disposición da Federación Galega de Pelota os seus campos de xogo cando sexan precisos a dito organismo.
- d) Contribuír ó sostemento económico da Federación Galega de Pelota, na medida que lles corresponda, abonando as correspondentes cotas, dereitos e compensacións económicas que se determinen.
- e) Abona-los dereitos de arbitraje que segundo as normas federativas lles correspondan, así como liquidar dentro de cada temporada as débedas contraídas cas Federacións Galega ou Delegacións Zonal, cos seus deportistas, ou técnicos, e con outros Clubs no transcurso da competición.
- f) Mante-la disciplina deportiva evitando situacións de violencia ou animosidade con outros membros ou estamentos da Pelota.
- g) Cumprimentar, atender e contestar ca meirande dilixencia as comunicacións que reciban dos organismos federativos, e auxiliar a estes mediante a facilitación de cantos datos precisen.
- h) Non impedi-la asistencia dos seus deportistas e técnicos ás Seleccións Autonómicas e as actividades federativas de perfeccionamento técnico.

i) Coidar da máis perfecta formación deportiva dos seus deportistas, proporcionándolles os medios precisos para elo, e garantindo a súa efectiva e plena actividade deportiva.

j) Dispor para os encontros oficiais dunha cancha de xogo que cumpra os requisitos regulamentarios.

k) Recoñecer a tódolos efectos as tarxetas de identidade expedidas pola Federación Galega de Pelota.

l) Facilita-la entrada gratuíta nas súas instalacións deportivas ós membros do equipo contrario en posesión da correspondente licenza federativa.

m) Comunicar á Federación Galega de Pelota as modificacións estatutarias, o nomeamento ou cese de directivos ou administradores, e os acordos de fusión, escisión ou disolución nos prazos establecidos.

n) Presenta-la documentación e demais requisitos que sexan necesarios para formaliza-la inscrición de cada equipo, segundo o establecido nas Normas Específicas para as competicións da Federación Galega de Pelota.

Artigo 11º Regulamentariamente, en desenrolo dos presentes Estatutos, determinarase o modo e forma no que se exercerán e cumprirán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como o atinente a clasificación dos Clubs por categorías, cambios de residencia dos mesmos, fusións ou baixas.

Sección Segunda. DEPORTISTAS

Artigo 12º A efectos dos presentes Estatutos son deportistass aquelas persoas naturais que practican a Pelota nun club ou independente afiliado á Federación Galega de Pelota e subscriben a licenza regulamentaria. Ca firma da mencionada licenza, queda vinculado o seu Club ou Federación e suxeito á disciplina da Federación, quedando toda a organización desta última ó seu servizo.

Os deportistass contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre dos principios democráticos dos presentes Estatutos, e participarán nas distintas actividades.

Artigo 13º Para poder subscribir unha licenza coma deportista deberanse cumpri-los seguintes requisitos:

A) Ser español

B) Non ter compromiso vixente con ningún outro club, ou ser independente.

C) Ter condición de afeccionado, segundo o establecido pola Federación Española de Pelota.

A condición de ser español poderá ser dispensada pola Federación Galega de Pelota, con carácter excepcional, de forma permanente ou temporal, nos seguintes casos:

a) Cando un deportista teña que actuar en competicións amigables.

b) Ou cando un deportista só vaia actuar en competicións internacionais de Clubs, para as que a regulamentación FIP admite a súa inscrición, ou

c) Cando o deportista vaia actuar en competicións organizadas pola Federación Galega de Pelota, nas que a Asemblea desta Federación teña dispensado expresamente esta condición.

Artigo 14º O deportista ten os seguintes dereitos:

a) Liberdade para subscribir licenza, respectando os dereitos adquiridos.

b) Recibir as prestacións da Aseguradora nos casos das coberturas previstas.

c) Participar en cantas probas, cursos, fases de preparación, seleccións ou outro tipo de concentración, sexa convocado pola Federación Galega de Pelota

d) Participar nas eleccións ós Órganos de Goberno e Representación da Federación Galega de Pelota

e) Consideración da súa actividade deportiva.

f) Recibir material deportivo para a práctica do pelota.

g) Recibir atención sanitaria de balde e axeitada no caso de lesión deportiva, ben por atención directa do seu Club, Federación ou a través de concertos, voluntarios ou obrigatorios, que nos mesmos teñan ca Aseguradora correspondente.

h) Participar nas sesións de adestramento e nos encontros do seu equipo, agás decisión disciplinaria.

Artigo 15º O deportista ten as seguintes obrigas:

a) Someterse á disciplina do seu Club ou Federación, sempre e cando as mesmas se axusten ó disposto no Ordenamento Xurídico e participar nos adestramentos e encontros do seu equipo ou Federación.

b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto do seu sen autorización do Club o Federación.

c) Utilizar, coidar e cando sexa requirido para elo, devolve-lo material deportivo que o Club o Federación lle tivera entregado a tal fin.

d) Asistir ás probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación Galega de Pelota.

e) Participar nas Seleccións Galegas.

Artigo 16º Así mesmo, os Deportistas de Pelota poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados co Pelota, nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales Asociacións poderán exercer por delegación, competencias da Federación Galega de Pelota, para o cal deberán afiliarse á mesma. Os acordos tomados polas Asociacións en uso de dita delegación, deberán ser notificados á Federación Galega de Pelota dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 17º Regulamentariamente, no desenrolo dos presentes Estatutos, determinarase o xeito e forma no que se exercitarán e cumpriran os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes á relación entre Clubs e deportistas, categorías destes, licenzas, categorías, baixas e cambios.

Sección Terceira.- TÉCNICOS-ADESTRADORES.

Artigo 18º Son Técnicos-Adestradores as persoas naturais con título recoñecido pola Federación Galega de Pelota, dedicadas ó ensino, preparación e dirección técnica da pelota, tanto a nivel de Clubs como da propia Federación.

Os títulos de Técnicos serán expedidos polo organismo competente.

Todos os Técnicos inscritos estarán sometidos ás Normas e disposicións da Federación Galega de Pelota, contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre dos principios democráticos dos presentes Estatutos, e participarán nas distintas actividades.

Artigo 19º Para actuar á fronte dun equipo o Técnico, ademais de ter ó título correspondente, deberá estar en posesión da licenza anual, expedida pola Federación Galega de Pelota, que lle vinculará a un ou varios equipos determinados.

Artigo 20º O Técnico ten os seguintes dereitos:

- a) Liberdade para subscribir licenza, de acordo cas normas establecidas e con respecto ós dereitos adquiridos.
- b) Recibir as prestacións da Aseguradora nos casos das coberturas previstas.
- c) Participar na elección dos Órganos de Goberno e Representación da Federación Galega de Pelota.
- d) Asistir ás probas e cursos de preparación ós que sexa convocado pola Federación Galega de Pelota, sen perxuício das obrigacións para co seu Club.
- e) Recibi-lo material deportivo preciso para a súa actividade.
- f) Ó cumprimento das estipulacións pactadas co seu Club.

Artigo 21º O Técnico ten as seguintes obrigas:

- a) Someterse á disciplina das entidades deportivas ás que se atope vinculado por licenza.
- b) Non intervir en actividades deportivas con equipo distinto ó seu, sen autorización do Club ou Federación.
- c) Empregar, coidar e cando sexa necesario para elo, devolve-lo material deportivo que o Club ou Federación lle teña facilitado.
- d) Asistir ás probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación.

Artigo 22º Os Técnicos de Pelota poderán asociarse para a defensa dos seus intereses relacionados ca Pelota nos termos que establece, ou poida establecer, a normativa vixente.

Tales Asociacións poderán exercer por delegación, competencias da Federación Galega de Pelota, para o cal deberán afiliarse á mesma. Os acordos tomados polas Asociacións en uso de dita delegación, deberán ser notificados á Federación Galega de Pelota dentro do prazo de dez días seguintes á data da súa adopción.

Artigo 23º Regulamentariamente, no desenrolo dos presentes Estatutos, determinarase o xeito e forma no que se exercitarán e cumpriran os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes a categorías, titulacións, licenzas, cambios, altas e baixas.

Sección Cuarta: ÁRBITROS

Artigo 24º Son Árbitros as persoas naturais que, tendo subscrito a correspondente licenza federativa, coidan do cumprimento das Regras Oficiais de Xogo e demais normas de aplicación perante os encontros, ostentando a máxima autoridade dentro do terreo de xogo.

Todos os Árbitros inscritos no Comité Galego de Xuíces estarán sometidos ás Normas e disposicións da Federación Galega de Pelota, contribuirán ó cumprimento das distintas finalidades dunha maneira activa e harmónica sobre os principios democráticos dos presentes Estatutos, e participarán nas distintas actividades.

Artigo 25º Para que un Árbitro, poida subscribir licenza federativa deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español. Este requisito poderá ser dispensado pola Federación Galega de Pelota para determinados supostos.
- b) Ter máis de catorce anos.
- c) Posuír título oficial de Árbitro recoñecido pola Federación Galega de Pelota.
- d) Non ser deportista ou técnico, nin ostentar outra condición dentro da Pelota de modo activo. En certas competicións autonómicas y nacionais, poderase dispensalas incompatibilidade de ser deportista por acordo da Xunta Directiva da Federación Galega de Pelota.

Artigo 26º Son dereitos dos Árbitros:

- a) Asistir ás probas e cursos de perfeccionamento ou divulgación ós que sexa convocado pola Federación Galega de Pelota.
- b) Recibi-las prestacións da Aseguradora nos casos de cobertura previstos.

- c) Percibi-las cantidades que se establezan nas Bases de Competición.
- d) Ser clasificado nunha das categorías que se establezan pola Federación Galega de Pelota, a través do Comité Galego de Árbitros.
- e) Participar na elección de Órganos de Goberno e Representación da Federación Galega de Pelota.

Artigo 27º Son obrigas dos Árbitros:

- a) Someterse á disciplina da Federación Galega de Pelota, á do Comité Galego de Árbitros e ás dos seus comités zonais.
- b) Non intervir en actividades deportivas relacionadas ca Pelota sen autorización da Federación Galega de Pelota.
- c) Asistir ás probas e cursos ós que sexa convocado pola Federación Galega de Pelota.
- d) Retirar semanalmente as designacións dos encontros, darse por coñecidos das mesmas, segundo as normas do Comité Galego ou dos Comités Zonais.
- e) Asistir e exercer as súas funcións nos encontros deportivos para os que sexan designados. Para que esta obrigación quede dispensada, os colexiados deberán xustificar a súa indisponibilidade debidamente e ca antelación prevista nas normas do Comité Galego e dos seus Comités Zonais.
- f) Coñece-las Regras do Xogo e Regulamentos da Federación Galega de Pelota

Artigo 28º Regulamentariamente, en desenrolo dos presentes Estatutos, determinarase o modo e forma no que se exercitarán os dereitos e deberes que quedan relacionados, así como as materias atinentes a titulación, licenzas e clasificación por categorías.

Sección quinta: OUTROS COLECTIVOS.

Artigo 29º Regulamentariamente, en desenrolo dos presentes Estatutos, regularanse as figuras de:

- a) Directivos das Delegacións Zonais e Comité Galego de Árbitros.
- b) Delegado de equipo, á que se asimilarán os directivos, médicos, directores deportivos, preparadores físicos ou encargados de material e a do Delegado de Campo ou botillero.

Sección sexta. LICENZAS

Artigo 30º

1. Para participar nas competicións oficiais dá federación, actividades de adestramento, ensino ou arbitraje, será necesario estar en posesión dá licenza federativa, de acordo coas condicións de expedición que se establezan.
2. A Federación Galega de Pelota, expedirá a licenza federativa aos seguintes colectivos:
 - a) Deportistas
 - b) Técnicos – Adestradores
 - c) Árbitros
 - d) Outros colectivos
3. A expedición e contido das licenzas axustarase ao establecido na Lei do deporte galego e nas súas disposicións de desenvolvemento.
4. A Federación Galega de Pelota pode establecer a obrigatoriedade dun recoñecemento médico do deportista que determine a inexistencia de contraindicacións para a práctica da pelota.
5. Á licenza federativa terá un custe anual que determinará a Asemblea anual dá federación, podendo haber exenciones de pago para algunhas categorías o colectivos.
6. A licenza federativa garante aos deportistas, técnicos-adestradores, árbitros e outros colectivos ou disposto para lestes colectivos non Capítulo II do Título I destes estatutos.
7. A Federación Galega de Pelota garantirá que o deporte se desenvolva coa asistencia sanitaria correspondente.
8. A asistencia sanitaria será prestada non marco das competicións deportivas oficiais dá federación adestramentos, etc., mediante contratos con entidades privadas ou convenios con entidades públicas.

Sección séptima: PERDA DA CONDICIÓN DE FEDERADO

Artigo 31º A condición de federado, pode perderse polos seguintes motivos:

- a) Non abonar o importe anual establecido da licenza federativa
- b) Por resolución do Comité de Disciplina onde determine a perda da licenza federativa por unha falta grave ou moi grave.

CAPITULO III

ÁMBITO XURISDICCIONAL.

Artigo 32º Estarán sometidos á disciplina da Federación Galega de Pelota todos os seus directivos e funcionarios, todas as Delegacións Zonais ou Delegacións Comarcais, os Deportistas, Técnicos, Árbitros, Delegados de equipo e asimilados, Delegados de Campo ou Botilleros, Clubs, Asociacións ou Agrupacións, Comités, e, en xeral, toda persoa ou Entidade que teña relación ca práctica da Pelota.

Cando actúen en actividades de ámbito español ou internacional, estarán sometidos ó que determinen os Estatutos, Regulamentos, Bases, Normas e Disposicións da Federación Española de Pelota o da Federación Internacional de Pelota, segundo corresponda.

Artigo 33º Os organismos e entidades dependentes da Federación Galega de Pelota rexeranse polas súas propias Normas e Regulamentos, subordinadas a este Estatuto e ó resto das Disposicións Federativas vixentes, limitando a súa total competencia ó ámbito que ten asignado. Todas estas normas e regulamentos serán propostos pola Xunta Directiva da Federación Galega de Pelota á Asemblea Xeral para a súa aprobación, sendo dados a coñecer ós organismos superiores para a súa homologación.

CAPITULO IV

ESTRUCTURA TERRITORIAL

Artigo 34º A Federación Galega de Pelota ten plena xurisdicción no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 35º A Federación Galega de Pelota poderá estruturarse territorialmente en Delegacións Zonais, Comarcais, etc., segundo o determine la Asemblea Xeral.

Para unha mellor organización e cumprimento dos seus fins, a Asemblea Xeral, de acordo co sentir e as posibilidades de cada zona, poderá dividi-lo territorio galego nas demarcacións que sexan necesarias.

Artigo 36º Tamén se poderán crear unidades de ámbito xeográfico inferior, denominadas Delegacións Comarcais, dependentes das Delegacións Zonais, para mellor desenrolo e promoción do pelota en cada zona, sempre por acordo da Xunta Directiva da Federación Galega de Pelota, a proposta de cada Delegacións zonal, pero mantendo os actuais e sempre que con elo se consiga unha maior organización das competicións.

Artigo 37º As Delegacións Zonais e no seu caso as Delegacións Comarcais, axustarán a súa actividade ás normas dictadas pola Federación Galega de Pelota a través dos órganos que corresponda, e directamente do seu Presidente.

Artigo 38º Os titulares das Delegacións Zonais serán nomeados e cesados polo presidente da Federación Galega, de acordo co **artigo 53º** dos presentes Estatutos.

A composición do equipo directivo da Delegación Zonal ou Delegación Comarcal, así coma as competencias dos mesmos, serán de libre facultade do titular da Delegación zonal ou Delegación comarcal, o cal dará conta ó Presidente da Federación Galega.

TITULO II

ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN

Capítulo Primeiro: NORMAS XERAIS.

Artigo 39º Son órganos de goberno e representación da Federación Galega de Pelota, a Asemblea Xeral e o Presidente ou a presidenta.

No seno da Asemblea Xeral constituirase unha Comisión Delegada de Asistencia á mesma

Artigo 40º Serán órganos electivos da Federación Galega, o Presidente, a Asemblea Xeral e a Comisión Delegada no ámbito das súas respectivas competencias.

Os membros dos demais órganos e comités, serán designados e revocados libremente polo Presidente, cas excepcións previstas nos presentes Estatutos.

O nomeamento ou renovación dos órganos de goberno e representación, dos órganos complementarios, e dos comités que poidan crearse dentro da Federación, deberán ser comunicados a tódolos membros da Asemblea Xeral e á Secretaría Xeral para o Deporte, nun prazo máximo de 15 días a partir da data de nomeamento.

Os órganos de goberno e representación reuniranse na forma e termos establecidos nestes Estatutos, os seus acordos, agás disposición expresa en contrario, adoptaranse por maioría simple; en caso de empate o Presidente terá voto de calidade. Os acordos poderán ser impugnados de conformidade co disposto na lexislación aplicable e nos presentes estatutos.

O réxime de responsabilidade dos membros dos órganos da Federación Galega de Pelota e en concreto a responsabilidade do Presidente e dos membros da xunta directiva da Federación será esixible de conformidade co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.

Son requisitos xerais para ser membro de calquera órgano da Federación Galega de Pelota, os seguintes:

- a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto no artigo 3 da Lei Orgánica 1/81, de 6 de Abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos seus dereitos civís.
- c) Non estar suxeito a corrección disciplinaria de carácter deportivo que supoña inhabilitación.

- d) Non ter sido condenado mediante sentenza penal firme que levase anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta para cargo público.
- e) Non estar incurso en causa algunha de incompatibilidade establecida legal ou estatutariamente.
- f) Reunir os requisitos específicos propios de cada estamento deportivo.

Capítulo Segundo: A ASEMBLEA XERAL

Sección Primeira: NATUREZA, COMPOSICIÓN, NOMEAMENTO E CESE.

Artigo 41º A Asemblea Xeral é o máximo órgano de representación e de goberno, e nela estarán representados os diferentes estamentos deportivos e colectivos que compoñen a federación. A determinación dos membros de cada estamento que forman parte da asemblea xeral farase baseándose nunha elección mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto por e entre os integrantes maiores de 18 anos de cada colectivo.

Artigo 42º A Asemblea Xeral estará constituída polo Presidente da Federación Galega e por representantes dos clubs, entidades deportivas, deportistas, técnicos, árbitros e outros colectivos.

O mandato dos membros da asemblea xeral é de catro anos.

Os clubs e entidades deportivas non poderán ser membros da Asemblea Xeral si, no intre da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Os compoñentes da Xunta Directiva, por esa soa consideración, poderán asistir ás reunións da Asemblea, con voz, pero sen dereito a voto.

Artigo 43º A Asemblea Xeral estará integrada polos membros que se fixe segundo os procedementos previstos no regulamento electoral, e a representación de estamentos responderá as seguintes proporcións:

- Representantes de Clubs e Entidades Deportivas: entre 60 y 75 %.
- Representantes de Deportistas: entre 20% y 30 %.
- Representantes de entrenadores y técnicos: entre 5 y 10 %.
- Representantes de Árbitros: entre 5% y 10 %.
- Outros colectivos: hasta el 10 %.

Artigo 44º A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asemblea Xeral e de cada un dos seus estamentos.

Artigo 45º Os membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada cesarán polas seguintes causas:

- a) Defunción.
- b) Disolución do Club ou entidade á que representen.
- c) Expiración do mandato para o que foron elixidos.
- d) Renuncia ou dimisión.
- e) Estar incurso de causa de inexibilidade ou incompatibilidade legal ou estatutaria.
- f) Sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cese no cargo que ostenta.
- g) Perda dos requisitos polos que foron elixidos no seu respectivo estamento.

Artigo 46º As vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais á mesma, serán cubertas, dentro de cada estamento e de forma sucesiva, polos candidatos que non proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos e, a falla de estes, mediante a realización de eleccións parciais, sempre que, neste último caso, as vacantes superen o 25% dos membros da Asemblea.

Os elixidos para ocupar as vacantes a que se refire o apartado anterior ostentarán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais.

Sección Segunda: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO.

Artigo 47º **COMPETENCIAS.** A Asemblea Xeral en canto órgano máximo de goberno e representación da Federación Galega de Pelota, pode adoptar calquera acordo ou decisión sobre da mesma, con sometemento ás regras de competencia e procedemento. Especialmente son competencias da Asemblea Xeral as seguintes:

- 1.- Modifica-los presentes Estatutos e aproba-los Regulamentos que sexan necesarios para o desenvolvemento e organización da Federación.
- 2.- A elección de presidente e a aprobación da moción de censura que será causa de cese do presidente, así como a elección da Comisión Delegada da Federación.
- 3.- Aproba-lo balance, as contas, orzamentos e memorias que teñen que formalizarse seguindo as disposicións vixentes.
- 4.- Resolve-las propostas que, en forma, sexan presentadas á Asemblea.
- 5.- Aproba-los programas e calendarios deportivos anuais a desenrolar pola Federación Galega así como as Bases e Regulamentos que rexerán as competicións.
- 6.- Aprueba os Honorarios, Axudas a Campionatos, Desprazamentos e dietas, Estancia e manutención, Publicidad, Taxas e Cánones.

7.- Aprobala creación de órganos territoriais da Federación Galega

8.- Aprobalo regulamento de Eleccións á Asemblea, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega.

9.- Aprobación do Regulamento de Disciplina Deportiva.

10.- Calquera outra competencia da Federación Galega que non esté expresamente atribuída polos presente Estatutos a outro órgano.

Artigo 48º As reunións da Asemblea Xeral axustaránse ó seguinte réxime:

a) A Asemblea Xeral reunirse unha vez ó ano, necesariamente antes de comenza-la nova temporada deportiva, en sesión ordinaria para os fins da súa competencia e, como mínimo para a aprobación do do orzamento correspondente aso seguinte exercicio e liquidación do anterior, aprobación do calendario deportivo e das Bases e regulamentos que rexirán a competición, e para a aprobación da memoria de actividades anuais.

A Asemblea Xeral será convocada polo Presidente da Federación Galega a iniciativa propia ou a instancia razoada da cuarta parte dos seus membros con un mínimo de trinta días naturais de antelación á data da súa celebración, no taboeiro de novas da Federación Galega, así coma nas Delegacións Zonais e, no seu caso, Delegacións Comarcais, debendo incluír necesariamente os puntos da orde do día a tratar. En todo caso, notificarase individualmente a cada un dos membros da Asemblea por calquera método que permita ter constancia da data de recepción da mesma, cunha antelación mínima de 48 horas; a notificación efectuarase ás direccións que consten na Federación Galega 30 días antes da data de convocatoria.

Os defectos formais na convocatoria non darán lugar a nulidade da Asemblea sempre e cando os membros da mesma recibisen a convocatoria co orde do día no prazo establecido.

En todo caso, a Asemblea será válida, sen necesidade de ningún outro requisito, sempre e cando concurren á mesma a totalidade dos seus membros.

b) As demais reunións da Asemblea Xeral terán carácter Extraordinario e serán convocadas polo Presidente, ou a proposta de ó menos o 25% de membros da Asemblea, cos mesmos requisitos previstos para a Asemblea Ordinaria. Presentada a solicitude de convocatoria por un número de membros suficiente, o Presidente deberá convocala necesariamente no prazo de dez días naturais seguintes. Dende a convocatoria ata a data de celebración da Asemblea non poderán transcorrer máis de vinte días naturais. Na solicitude deberán indicarse o puntos que compoñerán a orde do día. A convocatoria non poderá conter ningún outro punto distinto ós da solicitude.

c) A Asemblea quedará válidamente constituída cando concurren en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros, ou en segunda convocatoria, que terá lugar media hora máis tarde, calquera que sexa o número de membros asistentes.

d) A Asemblea Xeral será presidida polo Presidente da Federación Galega de Pelota ou quen lle substitúa, e actuará coma Secretario o que o sexa da Federación Galega. Os acordos adoptaranse por maioría simple. No caso de empate será decisorio o voto do Presidente. Non obstante o anteriormente exposto, cando se trate de decisións sobre da compra ou enaxenación de bens inmobles, ou operacións económicas que supoñan un 25% máis do presuposto anual da Federación Galega, así coma a modificación dos presentes Estatutos, será necesaria a maioría das dúas terceiras partes dos seus membros

Os efectos de cómputo de quorums e maiorías, cando estes se conformen cun número inexacto de asembleístas, computaranse sempre por exceso e con referencia ó número de aqueles efectivamente existentes como membros da Asemblea, descontadas as vacantes.

Artigo 49º Non será admisible en modo algún para a formación de vontade dos órganos colexiados da Federación Galega nin para o establecemento de seu quorum, o voto por correo nin a delegación de voto; sendo polo tanto necesaria a presenza física dos seus membros. Exceptúanse as eleccións dos membros da Asemblea Xeral, se así se aprobase no Regulamento Electoral.

Con carácter excepcional o voto dos Clubes e entidades deportivas poderá exercelo o seu Presidente, ou a persoa na que él delegue, sempre e cando esta última non sexa membro da Asemblea Xeral.

Ninguén poderá ostentar na Asemblea Xeral máis dunha delegación de voto.

Artigo 50º As votacións no seo da Asemblea realizaranse na forma e orde que estableza a presidencia, sendo esta a que decidirá se serán ordinarias, nominais ou segredas. Se ó menos o 25% dos asistentes solicita unha modalidade determinada, a forma de votación decidírase por maioría simple dos membros da Asemblea Xeral

Artigo 51º De todos os acordos adoptados en Asemblea Xeral ou Comisión Delegada, levantarase acta polo Secretario das mesmas, especificando o nome das persoas intervinentes e demais circunstancias que se consideren oportunas, contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, no seu caso, os votos particulares contrarios o acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quénes os emitan de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Artigo 52º Os acordos da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada serán vinculantes e de obrigatorio cumprimento para a totalidade de órganos, persoas e entidades que integran a Federación Galega, e terán forza executiva a partires da data de adopción.

Capítulo Terceiro: PRESIDENTE E MOCIÓN DE CENSURA

Presidente:

Artigo 53º O Presidente da Federación Galega de Pelota é o órgano executivo da mesma. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, executando os seus acordos. Otorga os poderes de representación e administración que sexan precisos e ostenta a Dirección Superior da Administración federativa. O Presidente da Federación Galega nomeará e cesará ós membros dos órganos xurisdiccionais da Federación Galega así coma ós Presidentes da Delegacións Zonais e Comité Galego de Xuíces.

Artigo 54º A duración do cargo de Presidente será de catro anos.

No caso de que, excepcionalmente, fiquen vacantes a Presidencia antes que transcorra o prazo para o que foi elixido, considerarase dimisionaria tódala Xunta Directiva, constituíndose a Comisión Delegada en Comisión Xestora, presidida polo membro de maior idade. Convocarás á Asemblea Xeral, e esta acordará unha nova elección de Presidente para cubri-la vacante polo tempo que falte ata a terminación do prazo correspondente ó mandato ordinario. Se a vacante prodúcese por prosperar unha moción de censura, estarase ó disposto no **artigo 57º** destes estatutos.

Artigo 55º O desempeño do cargo de Presidente será incompatible cas seguintes actividades:

- a) Ocupación de cargos directivos noutras Federacións Deportivas; exceptúase a Federación Española da mesma modalidade deportiva.
- b) Desenvolvemento de actividades ou desempeño de cargos en clubs ou entidades deportivas integradas na Federación Galega.
- c) A persoa que resulte elixida como Presidente da Federación Galega deberá cesar en todo tipo de actividades directas no deporte do pelota e no ámbito territorial da Federación.

Non existirá incompatibilidade, en ningún caso, ca práctica activa do pelota.

Artigo 56º O presidente cesará por:

- a) Transcurso do mandato para o cal foi elixido.
- b) Dimisión.
- c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do seu cargo.
- d) Aprobación dunha moción de censura pola Asemblea Xeral.
- e) Por incurrir nunha causa de inexibilidade ou incompatibilidade. Neste último caso dispoñerá dun prazo dun mes para cesar no posto que resulte incompatible co de Presidente.
- f) Por causas de cese a inhabilitación para o exercicio de cargo público, por sentenza xudicial firme.

Moción de censura:

Artigo 57º A moción de censura ó Presidente poderá ser presentada polos membros da Asemblea Xeral que constituían ó menos un 25% da mesma, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral da Federación Galega de Pelota. En dita petición deberán solicitar do Presidente a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria con dita moción como único punto da Orde do día, así como propoñer un candidato alternativo á Presidencia.

Caso de prosperar a moción de censura, que se votará nun sistema de dobre volta, debendo acadala maioría absoluta dos membros que compoñen a Asemblea na primeira volta, ou a maioría simple de asistentes na segunda, celebradas cunha hora de diferenza, o candidato quedará investido, con mandato polo prazo que reste para concluí-lo período ordinario.

Para a convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria, estará ó disposto no **artigo 48º apartado b)** dos presentes estatutos. A sesión da Asemblea Xeral na que se debata a moción de censura, estará presidida polo membro de maior idade. Non será válido o voto por correo nin a asistencia por representación.

Se a moción de censura non prosperase, non poderá presentarse outra nova ata transcorrido un ano desde a presentación de ésta

Capítulo Cuarto: COMISIÓN DELEGADA.

Artigo 58º No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

A Comisión Delegada será elixida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre despois da súa constitución, mediante o sufraxio entre os membros da mesma, o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

O número de membros da Comisión Delegada será o 15% dos membros da Asemblea Xeral. O número non será inferior a 5 nin superior a 15.

O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada, que se reunirá como mínimo dous veces ao ano para os fins das súas competencias e, ó menos, para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

Son competencias da Comisión Delegada:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación dos calendarios deportivos.
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

As modificacións non poderán exceder-las límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta dos temas a tratar na Comisión corresponde exclusivamente ó Presidente ou ós dous tercios dos seus integrantes

TITULO III

ORGANOS COMPLEMENTARIOS DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN.

Artigo 59º Son órganos complementarios dos de goberno e representación da Federación, para asistir ó Presidente:

- a) A Xunta Directiva
- b) O Secretario Xeral
- c) O Tesoureiro.

Artigo 60º

1.- A Xunta Directiva é o órgano colexiado a quen corresponde a xestión e administración da Federación Galega, así como a execución e cumprimento dos acordos da Asemblea. O número de membros, non poderá ser inferior a 5 nin superior a 15. Os membros da Xunta Directiva serán nomeados e revocados libremente polo Presidente.

O Presidente elegerá entre os membros da súa Xunta Directiva un máximo de dous Vicepresidentes, que o serán tamén da Federación, os cales substituirán ó Presidente por delegación, imposibilidade física ou ausencia temporal; un Secretario, que á súa vez o será da Federación, así como un Tesoureiro. Tales cargos, baseados na confianza, poderán ser removidos polo Presidente cando o considere oportuno.

Serán membros natos da Xunta Directiva da Federación, agás renuncia expresa, os Presidentes das Federacións Zonais, en que se estrutura a Federación Galega, e Comité Galego de Árbitros.

Os membros da Xunta Directiva que non o sexan da Asemblea Xeral, terán acceso á mesma, con voz pero sen voto.

Tódolos cargos son honoríficos e, en caso de establecerse algunha compensación económica a favor dos membros da Xunta Directiva, deberá ser expresamente acordada pola Asemblea Xeral e constar dunha forma diferenciada no Presuposto Xeral. En ningún caso a compensación económica poderá ser satisfeita con cargo ás subvencións públicas que reciba a Federación Galega.

2.- O Presidente da Federación nomeará un Secretario, o cal exercerá as funcións de fedatario e asesor, e, máis especificamente:

a) Levantar actas e custodia das sesións dos órganos de goberno e representación da Federación, con indicación de asistentes, temas tratados, o resultado das votacións, e, no seu caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

b) Expedir as certificacións oportunas das actas dos órganos de goberno e representación.

c) A fiscalización interna da xestión económica-financeira e orzamentaria.

d) O Secretario conjuntamente co Presidente, visará e asinará todos os documentos de pagos e ingresos da Federación Galega de Pelota para que posteriormente poidais pagar o Tesoureiro da Federación.

e) Remitir á Secretaría Xeral para o Deporte as actas da Asemblea Xeral, no prazo de 30 días dende a data de celebración.

f) Proporcionará tódala información necesaria ós órganos de goberno e representación da Federación, para o bó desenrolo das súas misións. Preparará a memoria anual das actividades realizadas e levará os Libros de Actas, Rexistro de Entradas e Saídas e Rexistro de Clubes e Entidades afiliadas.

g) Cantas outras funcións lle poden ser encomendadas polos Estatutos e Regulamentos da Federación e lle sexan delegadas polo Presidente.

3.- O Tesoureiro da Federación Galega é o órgano de administración da mesma, e como funcións propias exercerá as seguintes:

a) Levar e controlar a contabilidade da Federación Galega así como os Libros contables, segundo a lexislación vixente.

b) Cobrar e pagar todo o relacionado ca Federación, que veñan visados e asindados conjuntamente polo Secretario e Presidente)

c) Regular o aspecto económico e realizar a inspección económica de tódolos órganos da Federación.

d) Propor a adquisición dos bens necesarios.

e) Informar da situación dos asuntos pendentes e propor as medidas que considere necesarias.

f) Confeccionar o balanço de contas e presupostos anuais para a súa presentación na Asemblea Xeral.

g) Elaborar e presentar informes á Comisión Delegada sobre do estado contable da Federación.

h) Supervisar os pagos e toda clase de documentos bancarios.

Artigo 61º Para ser membro da Xunta Directiva non será preciso formar parte da Asemblea Xeral.

Artigo 62º Os membros da Xunta Directiva cesarán polas seguintes causas:

a) Vacancia na Presidencia da Federación, sen perxuício da súa conversión en Comisión Xestora nos casos previstos nos Estatutos.

b) Dimisión.

c) Incapacidade física ou psíquica para continuar no exercicio do cargo.

d) Por incurrir en causa de inexibilidade ou incompatibilidade.

e) Cesados directamente polo Presidente.

Artigo 63º A Xunta Directiva, como órgano colaborador do Presidente non terá competencias propias, e exercerá por delegación aquelas que lle encomende o Presidente, as cales poderá revocar en calquera momento.

Artigo 64º Os asuntos ordinarios de trámite serán despachados polo Presidente e o Secretario.

TITULO IV

ÓRGANOS COLEGIADOS DE COMITÉS E ASESORES.

Capítulo Primeiro: COMITÉS EN XERAL.

Artigo 65º A Federación Galega de Pelota poderá crear, previa aprobación pola Asemblea Xeral, cantos comités colegiados precise, ademais dos seguintes:

- a) Comité de Competición e Disciplina Deportiva
- c) Comité de Apelación
- d) Comité de Árbitros.
- e) Comité de Relacións Exteriores.
- f) Comité de Actividades.
- g) Comité Técnico.
- h) Comité de Promoción.

Tódolos Presidentes dos Comités serán nomeados polo Presidente da Federación Galega, de entre os membros da Xunta Directiva. O Secretario intervirá como Secretario de tódolos Comités, sen voz e sen voto, agás que fose membro dos mesmos.

Os Comités rexiranse polos seus respectivos regulamentos internos e, no seu caso, pola normativa nacional unificada e emanada da Federación Española de Pelota, pola lexislación aplicable e polo disposto nos presentes Estatutos.

Os acordos adoptados por estes Comités, deberanse de comunicar a todos os membros da Federación Galega, así como as impugnacións recibidas aos mesmos.

Capítulo Segundo: COMITÉS DE COMPETICIÓN E DISCIPLINA DEPORTIVA

Artigo 66º O Comité Galego de Competición e de Disciplina Deportiva, estará integrado por un Xuíz Único que será auxiliado por un Secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Xuíz único será o encargado de coñecer e resolver os casos, segundo as súas competencias, que son as seguintes:

1) Resolver en primeira instancia.

a) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego ou das fases clasificatorias para acceso ás fases finais nacionais das distintas categorías.

b) As cuestións disciplinarias que se susciten en relación cas persoas sometidas á disciplina da Federación Galega. Cando se trate de cuestións que afecten a un ou varios membros da Xunta Directiva da Federación Galega de Pelota, o Comité precisará autorización previa do Presidente para incoalo expediente.

c) Os litixios que se susciten entre deportistas e clubs con motivo da suscripción e expedición de licenzas, cando se refiran ás categorías territoriais galegas que no seu caso se considerarán como materia disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

Artigo 67º Regulamentariamente, e no ámbito das súas competencias, a Federación Galega desenrolará o Réxime Disciplinario, definindo as faltas e sancións establecendo o procedemento a seguirens en cada caso, de conformidade ca legalidade vixente na materia. Constituirá falta, que se sancionará de acordo co Réxime Disciplinario vixente, toda infracción das Normas contidas nos presentes Estatutos, no Regulamento Xeral e en calquera disposición de carácter deportivo que o sinala.

Artigo 68º Serán seccións do Comité Galego de Competición a tódolos efectos, os Comités de Competición das Delegacións Zonais. Os membros destas seccións serán nomeados polo Presidente da Federación Zonal correspondente.

Serán competencia dos Comités Zonais de Competición a resolución en primeira instancia das reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións das distintas categorías que se desenrolen dentro do ámbito zonal correspondente.

Artigo 69º As resolucións dictadas polo Comité Galego de Competición poderán ser recurridas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva. na forma que regulamentariamente se estableza.

Capítulo Terceiro: COMITÉ DE APELACIÓN.

Artigo 70º O Comité Galego de Apelación da Federación Galega de Pelota estará integrado por tres membros, que serán auxiliados por un Secretario pertencente á Secretaría da Federación Galega. O Comité será o encargado de coñecer e resolver os casos que se lle plantexen, segundo a súa competencia.

Artigo 71º É competencia do Comité de Apelación o coñecemento e resolución de tódolos recursos interpostos contra as resolucións dictadas polos Comités Zonais de Competición ou polo Comité Galego de Competición.

Artigo 72º As resolucións dictadas polo comité de Apelación da Federación Galega de Pelota en relación cas resolucións adoptadas polos Comités Zonais de Competición ou o Comité Galego de Competición poderán se recurridas no prazo de quince días hábiles, a partir a súa notificación, ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva da Xunta de Galicia, de acordo en cada caso, ca normativa vixente.

Capítulo Cuarto: COMITÉ DE ÁRBITROS

Artigo 73º O Comité Galego de Árbitros é o órgano técnico subordinado á disciplina da Federación Galega de Pelota, que se ten que coidar da captación, ensino e organización dos xuíces e técnicos arbitrais no ámbito galego.

O Comité Galego de Árbitros adoptará a estrutura territorial da Federación Galega de Pelota.

Artigo 74º Serán funcións deste comité:

- a) Establece-los niveis de formación de Árbitros.
- b) Clasificar tecnicamente ós Árbitros, en función de criterios prefixados pola Asemblea Xeral, proponendo á Xunta Directiva a adscripción ás categorías correspondentes. Estas clasificacións serán comunicadas á Asemblea Xeral.
- c) Propor os candidatos a Árbitros de categorías nacionais.
- d) Propor á Xunta Directiva as normas administrativas que regulan a arbitrase, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Designar ós colexiados nas competicións oficiais de ámbito galego.
- f) Colaborar cos órganos competentes da Federación.

Artigo 75º A efectos funcionais, o Comité Galego de Árbitros de Pelota dependerá do Comité Técnico de Árbitros da Federación Española de Pelota, a fin de ter unha estreita unidade orientativa ó servizo da arbitrase.

Capítulo Quinto: COMITÉ DE RELACIÓNS EXTERIORES.

Artigo 76º O Comité de Relacións Exteriores terá como función fundamental a organización e dirección das Seleccións Galegas, así como as relacións nacionais e internacionais.

Capítulo Sexto: COMITÉ DE ACTIVIDADES.

Artigo 77º O Comité de Actividades terá ó seu cargo o estudo, organización, supervisión, dirección e control das competicións.

Capítulo Séptimo: COMITÉ TÉCNICO.

Artigo 78º O Comité Técnico terá como función fundamental a planificación, confección, desenrolo dos programas relacionados co pelota, cas escolas de xogadores, adestradores e xuíces, así como aquelas cuestións técnicas que sexan necesarias, como os "clínicos", cursos superiores, concentracións, perfeccionamento de deportistas, adestradores e árbitros e tódalas demás cuestións técnicas que sexan necesarias. O Presidente da Federación Galega de Pelota poderá nomear un Director Técnico deste Comité, que será un cargo retribuído, se é necesario, e estará ás ordes directas do Presidente de dito Comité.

Capítulo Octavo: COMITÉ DE PROMOCIÓN.

Artigo 79º O Comité de Promoción terá como función fundamental a promoción do Pelota, a proposta de creación de Delegacións Zonais, Escolas de Pelota, Guías locais e zonais, así coma de tódalas categorías que poidan crearse, dentro da orientación educativa preceptiva, o asesoramento para a instalación de novas pistas polideportivas, todas aquelas cuestións que sexan propias, como as campañas de captación e divulgación do pelota.

Artigo 80º Regulamentariamente poderá regularse o funcionamento, composición e competencias dos distintos comités.

Capítulo Noveno: ADOPCION DE ACORDOS, IMPUGNACIÓN AOS COMITÉS E PUBLICIDADE

Artigo 81º Todos os acordos adoptados polos órganos colegiados deberán comunicarse a todos os membros da Federación no prazo máximo de 3 días de adoptalos.

Artigo 82º As impugnacións realizadas aos acordos adoptados, tamén terán que comunicarse a todos os membros da Federación nun prazo de 3 días unha vez recibidas na FGP.

TÍTULO V RÉXIME ELECTORAL

Capítulo Primeiro: OS CENSOS.

Artigo 83º Compoñeran os censos correspondentes a cada estamento electoral tódolos membros da Federación Galega de Pelota que reúnan os requisitos establecidos para cada estamento nos presentes Estatutos e no Regulamento Electoral.

Capítulo Segundo: REGULAMENTO ELECTORAL.

Artigo 84º Os procesos electorais desenrolaranse conforme ó Regulamento Electoral que deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral, a proposta do Presidente e regulará as seguintes cuestións:

- 1.- Número de membros da Asemblea Xeral

- 2.- Calendario electoral.
- 3.- Censo electora I.
- 4.- Composición, competencias e funcionamento da Xunta Electoral.
- 5.- Requisitos para presentación e proclamación de candidatos a Presidente e a membros da Asemblea Xeral non poderá ser inferior a dez días.
- 6.- Procedemento de resolución de conflitos, impugnacións e reclamacións, así como de recursos electorais.
- 7.- Composición, competencia, funcionamento e ubicación das Mesas electorais.
- 8.- Elección de Presidente.
- 9.- Elección da Comisión Delegada.

O Regulamento electoral deberá ser ratificado pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Capítulo Terceiro: A COMISIÓN XESTORA.

Artigo 85º Acordada a convocatoria de Eleccións polo o Presidente, e aprobado o Regulamento Electoral pola Asemblea Xeral, o Presidente procederá no prazo sinalado no mesmo á convocatoria de eleccións á Asemblea Xeral. A partires deste intre, a Xunta Directiva e o Presidente constituiranse en Comisión Xestora, e someterán o Regulamento electoral a ratificación pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A Comisión Xestora garantizará a máxima difusión e publicidade das convocatorias de eleccións á Asemblea Xeral e a Presidente, así como do Regulamento Electoral cas medidas previstas nas disposicións federativas a traveso dun medio que permita asegurar a recepción de dita notificación.

O Regulamento Electoral deberá ser exposto en cada circunscrición electoral o mesmo día da convocatoria.

A Comisión Xestora administrará a Federación Galega e convocará e realizará novas eleccións no prazo máximo de tres meses no caso de que non se presentase ningunha candidatura ou non fose válida ningunha das presentadas.

Capítulo Cuarto: CIRCUNSCRIPCIÓNS ELECTORAIS.

Artigo 86º A circunscrición será única con ámbito de todo o territorio da Federación Galega de Pelota.

Capítulo Quinto: XUNTA ELECTORAL.

Artigo 87º A Xunta Electoral estará composta por tres membros titulares e tres suplentes, elexidos por elección libre, directa e segreda, de entre as persoas que non sendo candidatas formaran parte da Asemblea anterior. Inmediatamente quedará constituída a Xunta Electoral, exercendo como Presidente da mesma o membro de máis idade dos elexidos, e como Secretario, o que o sexa da Federación, con voz pero sen voto.

A Xunta Electoral terá as seguintes funcións:

- a) Homologación do Censo electoral, resolvendo as cuestións e queixas que se formulen sobre do mesmo en relación ca súa formación ou rectificación.
- b) Resolución das queixas, reclamacións e recursos que se plantexen con motivo dos diferentes actos electorais.
- c) A admisión e proclamación de candidaturas.
- d) A proclamación dos resultados electorais.
- e) A corrección, das infraccións que, eventualmente, se produzan no proceso electoral.
- f) Aquelas outras que se deduzan das súa propia natureza ou se lle atribúan pola normativa vixente.

A Xunta Electoral tomará as súas decisións, que serán executivas, por maioría simple. Unha vez finalizada a votación e o recuento da mesma, levantará a correspondente acta, que remitirá á Secretaría Xeral para o Deporte nun prazo máximo de tres días.

Unha vez concluído o proceso electoral da Asemblea Xeral, do Presidente da Federación e da Comisión Delegada, a Xunta Electoral disolverase.

Capítulo Sexto: MESAS ELECTORAIS.

Artigo 88º Para a elección dos distintos estamentos da Asemblea Xeral, do Presidente e da Comisión Delegada, constituirase unha ou varias mesas electorais, de acordo co establecido no Regulamento Electoral. Os membros destas mesas non poderán ser candidatos, axustándose no seu funcionamento ás normas que se establezan no Regulamento Electoral.

Capítulo Séptimo: RECURSOS.

Artigo 89º As reclamacións e impugnacións que se presenten contra calquera acto electoral dirixiranse á Xunta Electoral e, contra o que ésta resolva caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva. Asimesmo caberá recurso ante o Comité Galego de Disciplina Deportiva contra tódolos actos, acordos ou resolucións da Xunta Electoral ou de calquera outro órgano ou membro da Federación en materia electoral.

Capítulo Octavo: ELECCIONS Á ASEMBLEA XERAL.

Artigo 90º

1.- Os membros da Asemblea Xeral serán elexidos cada catro anos coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, segredo, igual e directo entre e polos compoñentes dos distintos estamentos da Federación.

2.- As eleccións á Asemblea Xeral serán acordadas pola mesma, que aprobará a convocatoria con tódolos requisitos que se establezan no Regulamento electoral que asimesmo se aprobe.

3.- Acordada pola Asemblea Xeral a convocatoria de Eleccións, o acordo será formalmente executado polo Presidente da Federación, o cal asinará a mesma.

4.- Dende a convocatoria para a celebración desta Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente da Federación constituiranse en Comisión Xestora, de acordo co xa previsto nestes Estatutos.

Artigo 91º Para ser candidato a membro da Asemblea Xeral requirese o cumprimento dos requisitos establecidos con carácter xeneral no **artigo 40º párrafo último, apartados a), b), c), d), e), f)**, destes Estatutos e os establecidos para ser elector que se indican nos **artigos 93º 94º e 95º** dos presentes Estatutos, referentes á antigüidade.

Os requisitos para ser electores ou elexibles deberán cumprirse no día en que se publique a convocatoria de eleccións.

Artigo 92º As eleccións á Asemblea Xeral realizaranse para cada un dos postos correspondentes ós estamentos integrantes da mesma, de acordo co previsto nos presentes.

Artigo 93º Os representantes dos clubs e entidades deportivas na Asemblea Xeral serán elexidos por entre os representantes dos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que integren o censo de entidades deportivas inscritas no Rexistro público da Federación e no Rexistro de Entidades Deportivas, no momento da convocatoria de eleccións, estivesen igualmente inscritos durante a temporada deportiva anterior, sempre que tivesen participado en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Federación Galega ou pola Federación Española de Pelota.

Artigo 94º Os representantes dos deportistas na Asemblea Xeral serán elexidos entre os maiores de 18 anos correspondentes a cada circunscrición electoral dos que teñan licencia en vigor expedida pola Federación Galega de Pelota no momento da convocatoria de eleccións, e a tivesen tamén, ó menos durante a tempada anterior, sempre que participasen en competicións ou actividades de carácter oficial organizadas pola Federación Galega ou pola Federación Española de Pelota.

Artigo 95º Os representantes dos Técnicos-Adestradores e do Colectivo de Árbitros na Asemblea Xeral, serán elexidos entre os maiores de 18 anos, por e entre os pertencentes a cada estamento calquera que sexa a súa categoría, de entre os que teñan licencia en vigor no momento da convocatoria de eleccións, e que tamén as tivesen, como mínimo, na temporada deportiva inmediatamente anterior, nas mesmas condicións que as establecidas nos dous artigos anteriores.

Capítulo Noveno: ELECCIÓN DE PRESIDENTE.

Artigo 96º Unha vez concluídas as eleccións á Asemblea Xeral, o Presidente da Comisión Xestora, previo acordo da mesma, procederá inmediatamente á convocatoria de dita Asemblea para elixir ó Presidente e á Comisión Delegada da Federación Galega.

O Presidente será elexido por un período de catro anos, coincidindo con anos nos que se celebren Xogos Olímpicos de Inverno, pola Asemblea Xeral, mediante sufraxio, libre, directo, igual e segredo polos componentes da asemblea xeral, sen que teña que ser membro desta, previa presentación e aceptación das candidaturas correspondentes, que deberán estar avaladas ó menos polo 10% dos membros da Asemblea Xeral.

Artigo 97º Será elexido Presidente o candidato que obteña a maioría absoluta dos votos emitidos. No caso de que ningún candidato acade esa maioría procederase a unha segunda votación entre os dous candidatos máis votados, resultando elexido o que obteña a maioría dos votos.

No suposto de que se presentara un só candidato, non se efectuará votación, sendo proclamado Presidente o único candidato pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Artigo 98º Para poder ser candidato a Presidente da Federación Galega de Pelota deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Te-la condición de cidadán de Galicia, segundo o disposto en cada momento polo Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Ser maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís.
- c) Non estar incurso en ningunha sanción deportiva inhabilitante, dictada polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Pelota ou polo Comité Galego de Disciplina Deportiva.
- d) Non ter sido condenado mediante sentenza xudicial firme que leve anexa pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de cargos públicos.

Artigo 99º A votación será libre, igual, segreda e directa, non admitíndose o voto por correo, nin por delegación de persoas físicas.

Capítulo Décimo: ELECCIÓN DA COMISIÓN DELEGADA.

Artigo 100º Na mesma Asemblea Xeral convocada para a elección d Presidente, e unha vez realizada ésta, procederase á elección dos membros da Comisión Delegada da Asemblea Xeral.

A Comisión Delegada estará composta entre os 5 e os 15 membros, ademáis de polo Presidente da Federación Galega.

Os membros da Comisión Delegada serán elexidos por e entre os integrantes da Asemblea Xeral.

Serán elexidos membros da Comisión Delegada aqueles que obteñan maior número de votos ata cubri-lo número de membros correspondentes á Comisión Delegada.

TITULO VI

RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 101º Disposicións xerais sobre faltas e sancións.

1. Son faltas disciplinarias as infraccións das regras do xogo ou da competición e as infraccións das normas xerais de conducta deportiva tipificadas na Lei do deporte galego.
2. A tipificación das infraccións y las sancións, contemplarán lo siguientes condicionantes:
 - a) A tipificación das infraccións, e as sancións correspondentes a cada unha daquelas.
 - b) O establecemento dun sistema de sancións proporcional ao da infracción tipificada e o réxime da súa aplicación en función das características concurrentes.
 - c) A prohibición da dobre sanción polos mesmos feitos.
 - d) A aplicación dos efectos retroactivos favorables
 - e) A prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión.
 - f) Os disitintos procedementos de tramitación e imposición, se é o caso, de sancións, que en todo caso respectarán os principios do procedemento administrativo sancionador.
 - g) O sistema de recursos contra as sancións impostas, no que terá que mencionarse expresamente o recurso ao Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos prevista na Lei do deporte galego, contra as resolucións dos órganos disciplinarios da federación.

Artigo 102º Natureza e clasificación das infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. As sancións correspondentes aplicaranse en función da clasificación das infraccións.
2. Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:
 - a) As actuacións dirixidas a predeterminar, mediante prezo, intimidación ou simple acordó ou decisión, o resultado dunha proba, encontro ou competición.
 - b) Os comportamentos e actitudes agresivos e antideportivos ou discriminatorios dos xogadores ou técnicos, cando se dirixan ao árbitro, aos xurados, a outros xogadores, técnicos ou ao público.
 - c) Os quebrantamentos de sancións impostas.
 - d) A manipulación ou alteración, xa sexa persoalmente ou a través de persoa interposta, do material ou equipamento deportivo en contra as regras técnicas de cada deporte cando poidan alterar a seguridade da proba, do encontro ou da competición ou poñan en perigo a integridade das persoas.
 - e) Non executar ou desobedecer as resolucións no ámbito disciplinario do Comité Galego de Xustiza Deportiva
 - f) A inasistencia sen causa dos deportistas ás convocatorias da selección galega ou a negativa da entidade deportiva a facilitar a súa asistencia.
 - g) A aliñación indebida e non comparecer ou retirarse inxustificadamente das probas, dos encontros ou das competicións.
 - h) A reincidencia na comisión de faltas graves. Entenderase que hai reincidencia na comisión cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións graves no período dun ano.

Da infracción á que se refire a letra e) poderá ser responsable a presidenta ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poida incorres outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

3. Consideraranse infraccións graves as seguintes:
 - a) A falta de remisión en prazo ou de forma manifestamente incompleta, sen xusta causa, dos expedientes ou da información requirida polo Comité Galego de Xustiza Deportiva.
 - b) O incumprimento de ordes e instrucións emanadas dos órganos deportivos competentes.
 - c) Actuar de forma pública e notoria contra a dignidade e o decoro propios da actividade deportiva.
 - d) A reiteración de faltas leves. Entenderase que hai reiteración cando se sexa sancionado mediante resolución firme pola comisión de tres ou máis infraccións leves no período dun ano.

Das infraccións ás que se refiren as letras a) e b) poderá ser responsable a presidente ou o presidente da federación, sen prexuízo das responsabilidades nas que poidan incorrer outras persoas físicas integrantes dos órganos federativos.

4. Consideraranse infraccións leves as seguintes:
 - a) As condutas contrarias ás normas deportivas que non estean incursas na cualificación de moi grave ou graves.

- b) A incorrección co público, cos compañeiros e cos subordinados.
- c) A adopción dunha actitude pasiva no cumprimento das ordes e instrucións recibidas de xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

Artigo 103 Sancións

1. Pola comisión de faltas moi graves imponse as seguintes sancións:
 - a) Multa en contía non superior a 1.500 euros
 - b) Perda de puntos ou postos de clasificación
 - c) Perda de ascenso de categoría ou división
 - d) Clausura do recinto deportivo por un período máximo dunha tempada.
 - e) Suspensión ou privación da licenza federativa ou, de ser caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, ou da habilitación para ocupar cargos nunha federación deportiva or un prazo máximo de cinco anos.
 - f) Privación da licenza federativa, cancelación da inscrición no Rexisto de Entidades Deportivas de Galicia ou privación da habilitación para ocupar cargos na federación deportiva a perpetuidade. Esta sanción só se poderá acordar, de modo excepcional, pola reincidencia en infraccións de extrema gravidade..
 - g) Inhabilitación por un período de dous a catro anos, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.
 - h) Destitución do cargo, cando as infraccións sexan cometidas polos directivos.
2. Pola comisión de faltas graves imponse as seguintes sancións:
 - a) Amosteación pública.
 - b) Multa en contía non superior a 1.000 euros.
 - c) Clausura do recinto deportivo ata un máximo de catro encontros ou tres meses
 - d) Suspensión ou privación da licenza federativa e/ou, se é o caso, da inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, e inhabilitación para ocupar cargos dun mes a dous anos..
3. Pola comisión de faltas leves imponse as seguintes sancións:
 - a) Apercibimento
 - b) Inhabilitación para ocupar cargos federativos ou suspensión de ata un mes, ou dun a tres encontros ou probas.
4. As federacións deportivas poderán establecer un sistema de infraccións e sancións que, como mínimo, deberá recoller o disposto nesta Lei
5. As multas só se lles poderán imposer ás entidades deportivas e aos que, conforme a Lei do deporte galego, sexan considerados deportistas profesionais ou técnicos profesionais.

Artigo 104 Principio de proporcionalidade

1. No establecemento de sancións pecuniarias deberase prever que a comisión das infraccións tipificadas nos resulte máis beneficiosa para a persoa infractora que o cumprimento das normas infrinxidas.
2. Na determinación do réxime sancionador, así como na imposición de sancións polas administracións públicas, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada.
3. Para graduar as sancións teranse en conta as circunstancias concorrentes, a natureza dos feitos, as consecuencias e os efectos producidos, a existencia de intencionalidade, a reincidencia e a concorrencia de circunstancias agravantes ou atenuantes.
4. En función das circunstancias previstas nas liñas anteriores, as sancións aplicaranse nos seus graos máximo, mínimo ou medio. De ser o caso, de concorreren circunstancias atenuantes cualificadas, poderase aplicar a sanción inferior nun grao á prevista.

Artigo 105 Circunstancias modificativas da responsabilidade

1. Serán consideradas como circunstancias atenuantes o arrepentimento espontáneo e a existencia de provocación suficiente inmediatamente anterior á comisión de infracción.
2. Serán consideradas como circunstancias agravantes da responsabilidade a reincidencia, o prezo, o prexuízo económico ocasionado e o número de persoas afectadas pola infracción respectiva.

3. Entenderase producida a reincidencia cando a persoa infractora cometa, polo menos, unha infracción da mesma natureza declarada por resolución firme, no termo dun ano.
4. Os órganos disciplinarios sancionadores poderán, no exercicio da súa función, aplicar a sanción no grao que consideren adecuado, ponderando, en todo caso, a natureza dos feitos, a personalidade do responsable, as consecuencias da infracción e a concorrencia de circunstancias atenuantes o agravantes.

Artigo 106 Causas de extinción da responsabilidade

A responsabilidade disciplinaria extínguense:

- a) Polo cumprimento da sanción.
- b) Polo falecemento da persoa inculpada.
- c) Por disolución da entidade ou da federación deportiva sancionadas.
- d) Por prescrición das infraccións ou sancións.

Artigo 107 Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves prescribirán ao ano e, as leves, ao mes.
2. O termo de prescrición comeza a contar o día no que se cometeron os feitos e interrómpose no momento no que se acorda iniciar o procedemento sancionador. O seu cómputo restablecerase se o expediente permanecese paralizado durante un mes por causa non imputable ao presunto responsable.
3. As sancións prescribirán aos tres anos, ao ano ou ao mes, segundo se trate das que correspondan a infraccións moi graves, graves ou leves. O prazo de prescrición comenará a contar desde o día seguinte a aquel no que adquira firmeza a resolución pola que se impuxo a sanción, ou desde o momento no que se quebrantase o seu cumprimento se este xa comezase.

Artigo 108 Prohibición da dobre sanción polos mesmos feitos

Se prohíbe a dobre sanción polos mesmos feitos

Artigo 109 Aplicación dos efectos retroactivos favorables

Aplicaranse todos os efectos retroactivos favorables que se dispoñan

Artigo 110 Prohibición de sancionar por infraccións non tipificadas no momento da súa comisión

Queda prohibido sancionar infraccións non tipificadas no momento da súa comisión.

TITULO VII

PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS DEPORTIVOS

Artigo 111 Procedemento disciplinario.

A imposición de sancións pola comisión das infraccións previstas no capítulo III do título VII da Lei do deporte galego, axustarase aos procedementos que se conteñen neste capítulo

Artigo 112 Clases de procedementos

1. Os procedementos para a imposición de sancións serán o abreviado e o ordinario.
2. O procedemento abreviado é aplicable para a imposición das sancións por infracción das regras do xogo ou da competición.
3. O procedemento ordinario será aplicable para as sancións correspondentes ás infraccións das normas xerais de conduta deportiva.

Artigo 113 Regras común aos procedementos

1. No nos previsto nesta lei, serán de aplicación supletoria as normas contidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no Real decreto 1398/1993 do 4 agosto, polo dque se probou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Os procedementos sancionadores respectarán a presunción de inexistencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostreo contrario.
3. As sancións impostas a través do correspondente procedemento disciplinario serán inmediatamente executivas, agás que o órgano encargado da resolución do recurso acorde a suspensión.
4. As actas subscribas polos xuíces ou árbitros do encontro, da proba ou da competición constituirán medio documental necesario en conxunto da proba das infraccións ás regras e normas deportivas. Igual natureza Terán as ampliacións ou aclaracións a aquelas.

As manifestacións do árbitro o xuíz plasmadas nas citadas actas presúmense certas, agás proba en contrario.

Artigo 113 Procedemento abreviado

As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

1.- Iniciación:

- a) O procedemento abreviado iniciase coa notificación da acta da proba ou competición, que reflecta os feitos que poder dar lugar a sanción, subscriba polo xuíz o árbitro e polos competidores ou delegadas dos clubs.

No suposto de que os feitos susceptibles de ser sancionados non estean reflectivos na acta, senón mediante anexo, o procedemento iniciase no momento no que teña entrada na federación o anexo da acta do partido ou documento no que queden reflectidos os feitos obxecto de axuízamento. Ademais, designarase unha persoa instrutora que exercerá as función de impulso na ordenación do expediente e de secretario, e serán aplicables as causas de abstención e recusación reguladas na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

- b) Tamén se pode iniciar por instancia da parte interesada, sempre que a denuncia se presente nas dependencias da federación dentro do segundo día hábil seguinte ao día no que se realizase a proba ou competición.

2.- Tramitación e resolución:

- a) No prazo de dous días, que se contarán desde a notificación prevista na alínea anterior, as persoas interesadas poderán formular alegacións en relación cos feitos consisgnados na acta, no anexo o una denuncia. Poderán proponer ou achegar tamén, se é o caso, as probas pertinentes.

A proba deberá practicarse no prazo máximo dos dous días hábiles seguintes ao da súa admisión.

- b) O órgano instrutor trasladaralle, no prazo máximo de dous días que se contarán a partir da presentación de alegacións ou da práctica da proba ou da súa denegación, ao órgano competente para resolver a proposta de resolución, para que, dentro do día seguinte, se dite resolución n cal se deben expresar os feitos imputados, os preceptos infrinxidos e os que habilitan a sanción que se imponha. Así mesmo, deben expresarse namesma resolución os motivos de denegación das probas non admitidas se non se realizase con anterioridade.

A resolución deberáselles notificar ás persoas interesadas, con expresión dos recursos que poidan formular contra ela e do prazo para a súa interposición.

Artigo 114 Procedemento ordinario

As regras ás que se debe axustar o procedemento abreviado son as seguintes:

1.- Iniciación:

- a) O procedemento iniciase por acordo do órgano competente, de oficio ou por instancia de persoa interesada.
- b) O acordó que inicie o procedemento conterà a identidade do instrutor, se é o caso do secretario, da autoridade competente para imponer a sanción e a norma que lle atribúa tal competencia, o prego de cargos que conterà a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicable. Este acordó deberáselles notificar á persoa interesada.

Serán aplicables ao instrutor e ao secretario as causas de abstención e recusación e procedemento establecidas no capítulo III do título II, artigos 28 e 29, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común..

2.- Tramitación:

- a) Durante a tramitación do procedemento o órgano competente para incóalo, de oficio ou por instancia do instrutor, poderá acordar en resolución motivada as medidas que considere oportunas para asegurar a eficacia da resolución que poida recaer.
- b) O acordó de iniciación notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para contestar os feitos e proponer a práctica das probas que conveña á defensa dos seus dereitos e intereses.
- c) Practicaranse de oficio ou admitiranse por proposta da persoa interesada cantas probas sexan adecuadas para a determinación de feitos e posibles responsabilidades. Só se poderán declarar improcedentes aquelas probas que pola súa relación cos feitos non poidan alterar a resolución final a favor do presunto responsable.
- d) Contestado o prego de cargos ou transcorrido o prazo para facelo, ou concluída a fase probatoria, o instrutor redactará a proposta de resolución ben apreciando a existencia dalgunha infracción impudtable e neste caso conterà necesariamente os feitos declarados probados, as infraccións que constituían e as disposicións que as tipifiquen, as persoas que resulten presuntamente responsables a as sancións que procede imponer ou ben proponendo a declaración de inexistencia de infracción ou respñonsabilidade e o sobreesamento con arquivo das actuacións.

A proposta de resolución notificaráselles ás persoas interesadas e concederáselles un prazo de dez días para formular alegacións e presentar os documentos que consideren pertinentes.

3.-Resolución:

- a) Recibidas polo instructor as alegacións ou transcorrido o prazo de audiencia, remitiralle o expediente aso órgano competentes para resolver.
- b) A resolución do órgano competente pon fin ao procedemento común e ditarase no prazo máximo de dez días hábiles.

Artigo 115 Leximitación para recorrer contra as sancións

Están lexitimadas para interponer recurso en materia disciplinaria as persoas directamente afectadas pola sanción. Enténdese, en todo caso, por tales os deportistas, as súas entidades deportivas e as entidades deportivas participantes na competición.

Artigo 116 Órganos disciplinarios

A composición e o réxime de funcionamento dos órganos disciplinarios, estan reflectidos no **Título IV, artigos 65º e 66º**, capítulos primeiro e segundo desta Reglamenteo.

TÍTULO VIII RÉXIME ECONÓMICO.

Artigo 117º

1. La Federación Galega de Pelota tiene presupuesto y patrimonio propio y someterá su contabilidad y su estado económico y financiero a las prescripciones legales.

2. O patrimonio da federación estará integrado por:

- a) Cotas dos seus afiliados
- b) Dereitos de inscrición e demais recursos que procedan das competicións organizadas pola federación.
- c) Rendementos dos bens propios
- d) Subvencións, ou outras achegas, que as entidades públicas poidan concederles, así como doazóns, herdanzas, legados e premios que lles sexan outorgados por entidades públicas ou privadas.
- e) Calquera outro recurso que lle poida ser atribuído.

3. Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou para o gravame dos bens inmobles cuxa titularidad lle corresponda. Así mesmo requirirase igual autorización cando a Federación pretenda comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a federación para o desenvolvemento das súas actividades e función.

4. A Federación Galega de Pelota, aprobará en Asemblea, ou durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que ás subvencións públicas se refiere, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devantido orzamento deberá remitirse á Administración deportiva no prazo dun mes desde a súa aprobación.

5. O orzamento de ingresos e gastos anual realizarase de acordo ó principio de caixa única.

6. O Tesoureiro someterá á Asemblea Xeral ordinaria, un balanço da situación e as contas de ingresos e gastos, memoria económica, así como o presuposto para a temporada seguinte. Balanço e Orzamento que deberá ser notificado á Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 118º A Federación Galega de Pelota elaborará unha Memoria na que analizará fidelmente a súa actividade económica, a súa axeitada actuación presupostaria, o cumprimento dos seus obxectivos e os proxectos a desenrolar, e informará separadamente dos seguintes aspectos:

1.- Diferenciación entre ingresos e aportacións, segundo o seguinte desglose:

- a) Subvencións públicas.
- b) Subvencións, donativos ou aportacións privadas.
- c) Ventas activos.
- d) Ingresos procedentes de competicións organizadas.
- e) Ingresos para servizos prestados pola Federación, permisos, licenzas, inscricións, afiliacións, fichas e outros que se establezan, previa aprobación pola Asemblea.
- f) Ingresos financeiros.

2.- Tamén constará o destino da totalidade de recursos, distinguindo como mínimo os seguintes grupos de coste ou inversións:

- a) Administración da Federación.
- b) Dirección e servizos da Directiva, incluíndo viaxes.
- c) Competicións e material deportivo.
- d) Axudas a Clubes e Entidades.
- e) Axudas para actos deportivos.
- f) Construcións e outros inmovilizados.
- g) Formación de deportistas e técnicos.
- h) Deportes de elite profesional.
- i) Árbitros.
- j) Órganos disciplinarios.
- k) Mantenemento de Delegacións Zonais.

3.- O importe das obrigacións de pago que sexa necesario satisfacer noutros exercicios que non estén previstos no balanço.

4.- O importe das garantías e os avais comprometidos.

5.- A liquidación do presuposto, que explique as variacións en relación co presuposto aprobado na Asemblea Xeral anterior.

Artigo 119º As contas anuais e os orzamentos deberán estar no domicilio social da Federación Galega con unha antelación mínima de 15 días á data de celebración da Asemblea Xeral, a disposición das persoas, clubs ou entidades con dereito a voto na mesma, as cales poderán pedir copia que lles será entregada antes da celebración da Asemblea.

Artigo 120º Constitúen os ingresos da Federación Galega de Pelota os seguintes:

- a) As subvencións que poida recibir do Estado, Xunta de Galicia, Federación Española de Pelota, Deputacións, Concellos ou calquera outras Entidades públicas ou privadas.
- b) Os ingresos obtidos por afiliacións, inscricións, fichas, licenzas, servizos e outros ingresos que se establezan, previa aprobación polos órganos correspondentes.
- c) A participación que se poida fixar nos ingresos de todo orde que teñan as Asociacións, Agrupacións, Clubs e resto de Entidades, previa aprobación pola Asemblea Xeral.
- d) O importe das sancións e multas que se produzan a consecuencia das competicións que a Federación organice, e con ocasión do exercicio da potestade disciplinaria.
- e) O beneficio que se obteña por calquera concepto e se produza en actos, encontros e competicións que se organicen.
- f) Os donativos, subvencións e outros ingresos que se deriven do exercicio da actividade propia da Federación.
- g) Os préstamos ou créditos que se lle concedan.
- h) Os procedentes de calquera actividade legal que a título lucrativo ou por explotación ou arrendamento dos seus bens se produzan en favor da Federación.

Artigo 121º A totalidade de ingresos e do patrimonio da Federación Galega de Pelota deberán ser destinados á consecución dos fins propios do seu obxecto social, e, en particular á promoción e ensino do pelota.

Artigo 122º En consoancia co disposto no **artigo 60º.3** anterior, a xestión económica ordinaria da Federación correrá a cargo do Tesoureiro, baixo a dirección do Presidente, cuidando das operacións de cobros e pagos. Autorizará ca súa firma, mancomunada ca do Presidente, ou ca do Vicepresidente autorizado, tódolos documentos de movementos de fondos. Será responsable da levanza e custodia dos libros contables. Formulará balanzos que, anualmente, deberán presentarse á Asemblea Xeral para a súa aprobación.

Suposto de ausencia do Tesoureiro, será o Presidente da Federación Galega de Pelota o responsable do exercicio das funcións propias de aquel, as cales poderá delegar na persoa que estime oportuno.

Artigo 123º O exercicio económico comenza o día 1 de xaneiro e remata o 31 de decembro.

TÍTULO IX

RÉXIME DE RESPONSABILIDADES

Artigo 124º

1 O Presidente ou Presidenta e os membros da xunta directiva ou dos órganos de dirección que se pudiesen establecer estatutariamente serán persoalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:

- a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan,ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflecta a natureza o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.
- b) Das obriga que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.
- c) En Xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

2 A responsabilidade descrita na alínea anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordó ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.

3. A responsabilidade regulada neste artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incurrir, e que se esixirá consonte as disposicións xerais desta lei.

TÍTULO X

RÉXIME DOCUMENTAL.

Artigo 125º A Federación Galega de Pelota levará como mínimo os seguintes libros, debidamente dilixenciados:

- a) Libro rexistro de entrada e saída de documentos e comunicacións oficiais.
- b) Libro rexistro de clubs, no que constará a denominación de estos, domicilio social, e número de inscrición no rexistro de Clubs, Federacións e Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
- c) Libros de actas que consignarán as reunións que celebren tódolos órganos colexiados da Federación, tanto de goberno e representación como complementarios e técnicos.
- d) Libros de contabilidade.
- e) Libro inventario de bens mobles e inmobles.
- f) Rexistro de membros da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada, no que deberán constar os nomes dos titulares ou representantes legais e os domicilios para citacións e comunicacións.

Artigo 126º En consoancia co previsto no **artigo 60º.2** anterior, o réxime documental da Federación Galega de Pelota estará a cargo do Secretario, ó cal lle corresponde a custodia dos libros da Federación, erguer actas das reunións dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, firmalas co Visto Bó do Presidente, expedir certificacións, remitir as certificacións e acordos que procedan á Secretaría Xeral para o Deporte e, en xeral, preparar a resolución e despacho de tódolos asuntos.

En caso de ausencia ou imposibilidade física do propio Secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da Federación Galega, ou por persoa en quen éste delegue.

TÍTULO XI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE PELOTA

Artigo 127º Os Estatutos da Federación Galega de Pelota somentes poderán ser modificados pola Asemblea Xeral e de acordo co establecido nos mesmos.

Artigo 128º A proposta de modificación dos Estatutos deberá ser acordada polo Presidente ou pola Comisión Delegada da Federación Galega de Pelota nomeándose de seguido pola mesma unha comisión técnica que realice os traballos necesarios para presentar ante a Asemblea os novos textos, totais ou parciais, que se someterán a aprobación.

Aprobada a reforma de Estatutos pola Asemblea Xeral, deberá ser ratificada pola Secretaría Xeral para o Deporte.

Artigo 129º

1. A Federación Galega de Pelota extinguiranse polas seguintes causas:

- a) Por acordo da maioría de dous tercios de membros da Asemblea Xeral, refrendado, por maioría absoluta, por tódolos membros da Federación Galega de Pelota a traveso de votación libre, igual, directa e segreda.
- b) Pola revogación do seu recoñecemento.
- c) Por resolución xudicial

d) Por integración ou fusión con outra federación deportiva galega.

e) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico.

2. Unha vez producida a liquidación, o patrimonio neto destinarase a actividades análogas ás que realizase a federación e que determine a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

3. O incumprimento do deber de disolver a federación cando sexa legalmente procedente dará lugar a esixencia das responsabilidades que correspondan ás persoas titulares dos órganos competentes, sen prexuízo do dereito do correspondente órgano administrativo a instar a súa disolución.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA E FINAL.

Os presentes Estatutos, unha vez aprobados pola Asemblea Xeral da Federación Galega de Pelota, entrarán en vigor o mesmo día da súa aprobación pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia: quedando dende entón derogada toda norma que se opoña ó disposto nos mesmos, e en particular os Estatutos aprobados en data, así como Regulamento Xeral de desenrolo dos mesmos.

Na Coruña, a vinte nove de Xullo dous mil trece.

Asdo. José Frá Rodríguez
Presidente F.G.P.

Asdo. Manuel Vázquez Iglesias
Secretario F.G.P.